

PARÁMETROS PARA O ESTUDO DA INTRODUCCIÓN DO ROMANCE NA DOCUMENTACIÓN NOTARIAL GALEGA

Ricardo Gutiérrez Pichel / Alexandra Cabana Outeiro

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCCIÓN. OBXECTO DO ESTUDO E DESCRICIÓN DO CORPUS

Conforme viñamos sumando experiencia no traballo con fontes documentais da Idade Media galega, tanto nas nosas investigacións particulares como no equipo de traballo do TMILG, foi xurdindo a idea de elaborar unha achega co fin de detectar pautas na introdución do vernáculo na escrita notarial, visibles tanto na documentación híbrida latino-romance como na integramente redactada en romance, en función de diferentes parámetros: (a) a tipoloxía, (b) a estrutura interna documental, e (c) a análise das actitudes escriturarias e— tanto ao rexistro lingüístico: alternancia ou permanencia— das mans que verteron nos coiros notariais a oralidade daqueles tempos. Cinguíndonos á prosa notarial, quixemos apprehender, continuando o labor investigador levado a cabo nos últimos anos, cal foi a dinámica daquelas persoas e institucións á hora de formalizar por escrito os seus acordos. Nesta parte inicial do estudo faremos unha aproximación ás dúas primeiras cuestións: a tipoloxía e a estrutura interna documental.

Diante da imposibilidade de desenvolver un traballo baseado en todos os documentos da época, pola súa dispersión e o aínda limitado número de transcricións definitivas, a maior parte da documentación utilizada foi no seu momento obxecto de edición (publicada ou inédita pero transcrita en teses de licenciatura ou de doutoramento, e mesmo en traballos aínda no prelo). Esta decisión condiciona a cantidade de unidades documentais, mais tamén a súa orixe, pois a documentación mellor conservada e que ten sido obxecto de edición é a monacal, xa que en xeral se atopa ordenada e con mellor acceso para o investigador, ao se conservar en arquivos públicos¹.

1. Neste labor queremos agradecer a axuda e colaboración dos profesores J. A. Souto Cabo, Ramón Lorenzo, Ana Boullón e Ramón Mariño, ás doutoras Mercedes Vázquez Bertomeu e Bea-

Á hora de elaborar un corpus documental servíunos de orientación inicial o abundante caudal textual do TMILG e a súa base de datos bibliográfica, así como estudos publicados desta índole, v.gr. “Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)”, de R. Lorenzo (2004b), ou o “Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260”, de A. I. Boullón (2004). Con posterioridade á conferencia pronunciada no Simposio 2005 do ILG, puidemos actualizar o noso corpus grazas a achegas propias e a consulta de novos traballos, coma o “Inventário dos máis antigos documentos galego-portugueses”, de J. A. Souto Cabo (2006), e os *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*, antoloxía preparada polo mesmo autor² (no prelo).


1.1. *Delimitación cronolóxica*

Foi necesaria a elaboración dun corpus³, relativamente amplo, integrado por documentación híbrida e plenamente romance situada cronoloxicamente entre a segunda metade do séc. XIII e o séc. XIV. Cando menos, estes son os límites temporais que cremos obrigatoriamente necesarios para o adecuado achegamento á cuestión. En primeiro lugar, o período de emerxencia do vernáculo levounos a estudar con profundidade os textos producidos entre o séc. XIII e 1270, datas nas que debemos encaixar, na súa xusta medida, as consecuencias lingüísticas da lexislación de Afonso X a— s Sete Partidas— como o pulo definitivo cara á escrita dos instrumentos en romance (vid. § 5). Non obstante, especialmente para o estudo do terceiro parámetro, cumpriu observar, como mínimo ata principios do séc. XIV, a continuidade e preeminencia do código lingüístico romance na documentación notarial, coa finalidade de constatar a hexemonía do hábito escriturario romance a partir do último terzo do séc. XIII en relación ao período inicial.

triz Vaquero, a Sor M^a Mercedes Buján Rodríguez, arquivista do Mosteiro de San Paio, a Isabel, bibliotecaria do Instituto Padre Sarmiento, e a Ángeles, do departamento de latín medieval do Centro Ramón Piñeiro. Mención especial facémoslla a Xavier Varela, director do noso traballo no TMILG e impulsor desta investigación que hoxe presentamos.

2. Ademais de incluír novas unidades documentais, incorporamos a corrección de certas datacións erradas e/ou non afinadas ata o momento, e tivemos a oportunidade de acceder a novas e definitivas transcricións, moitas delas aínda inéditas. Neste sentido, agradecemos a valiosa axuda dos profesores Ramón Lorenzo e J. A. Souto Cabo.
3. De cada documento integrado no catálogo confeccionouse unha ficha completa. Rexistrouse a data, a lingua (romance, híbrido [galego/“galaico-leonés”]), a tipoloxía, o notario, a adscrición xeográfica (derivada da demarcación do notario en primeiro termo, a institución que emite ou recibe, o lugar de redacción, as herdades obxecto de acordo, etc.), a transmisión documental (orixinal ou copia en tombo), as diferentes cláusulas latinas fosilizadas de ser o caso, as partes do documento en cada lingua no caso dos híbridos, a colección documental á que pertence e mais a referencia ás edicións dispoñibles.

Na gráfica porcentual que presentamos a continuación indicamos o número de documentos recollidos desde a segunda metade do séc. XII ata 1270. En total, analizamos 307 unidades documentais g— alegas— para este período, das cales 243 son textos redactados integramente en galego e 64 presentan un maior ou menor grao de hibridismo latino-romance⁴.



Na seguinte táboa pódese observar como no penúltimo decenio hai unha descompensación entre os dous códigos lingüísticos (romance e latino-romance) en relación á situación das dúas décadas anteriores (1231-1250), nas que máis do 50% da documentación é híbrida. Esta circunstancia repítese nos catro primeiros anos da década dos 50: a metade dos documentos labrados entre 1251 e 1254 presentan un rexistro híbrido. Constatamos unha vez máis, polo tanto, que a partir de 1255 se fai máis visible o despegue do romance con respecto ao modelo escriturario latino.

	1251-1254	1255	1256	1257	1258	1259	1260
ROMANCE	6	12	6	12	14	32	20
HÍBRIDO	6	3	0	0	1	5	6

4. Por outra banda, recollemos case un cento de documentos, a meirande parte deles expedidos en mosteiros estremeiros, cuxa *scripta* revela un alto grao de vinculación coa tradición escrituraria leonesa. Por este motivo, aínda que é pertinente para os obxectivos deste estudo, non ofrecemos aquí a análise tipolóxica destes diplomas. Noutro traballo deste volume faise un breve comentario lingüístico deste tipo de textos, dentro do período de emerxencia (vid. Rodríguez Parada, “Textos primitivos da franxa oriental”).

1.2. Delimitación lingüística

Á hora de adxudicarmos unha ou outra adscripción lingüística, topamos cos problemas xa apuntados nos últimos anos por Emiliano (2003a/b/c), Lorenzo (2003, 2004b), Martins (2001a, 2004) e Souto Cabo (2003a/b, 2004a/b, 2006). En primeiro lugar, a delimitación entre latín e romance, pois hai moitos documentos nos que baixo unha aparencia latina se agocha unha forte pulsión vernácula, non só na sintaxe e no léxico, senón tamén e— máis significativo— no plano grafo-fonémico (§ 2). Neste sentido, fixemos un estudo da documentación híbrida recollida para o corpus, deténdonos fundamentalmente en tres cuestións: (a) análise tipolóxica, (b) análise da estrutura interna do documento e (c) grao de hibridismo, desde o punto de vista cuantitativo (vid. *supra*) e cualitativo.

En segundo lugar, algúns dos mosteiros dos que temos a documentación editada son estremeiros: están situados en zonas limítrofes da Galiza medieval (Asturias, León, Zamora)⁵. A maior parte desta documentación reflicte un conxunto de trazos escripto-lingüísticos característicos do modelo de *scripta* do leonés occidental. Tal tradición escrituraria exerceu o seu influxo dentro do noso territorio, especialmente no leste do noso país. Dentro do período de emerxencia do galego, atopámonos con textos producidos e/ou depositados e— de procedencia foránea— maioritariamente na área de Lugo e Ourense⁶, caracterizados por unha amálgama de trazos galegos e outros de clara procedencia leonesa, nos que se evidencia unha práctica escrituraria non homoxénea, fundamentalmente canto á lenición de /n/ e /l/ intervocálicos latinos e á ausencia da ditongación vocálica propia do leonés⁷. Do mesmo xeito

5. Santa María de Vilanova de Oscos, Santa María de Carracedo, San Andrés de Veiga de Espiñareda, San Pedro de Montes e San Martiño de Castañeira. Aínda podemos mencionar outras procedencias estudadas no traballo de Rodríguez Parada publicado neste mesmo volume, como o Arquivo Diocesano de Astorga, o mosteiro de Carrizo e mesmo o de Santa María de Carbajal (os tres en León).

6. Ferreira de Pallares, Meira, Melón, Oseira (redactado en Zamora), Ourense, Samos. Algúns tamén se rexistran na faixa occidental (Toxosoutos).

7. Igual ca no galego-asturiano hoxe, a conservación da lateral intervocálica é xeral no galego exterior de León, excepto nalgúns falares galegos do Bierzo, Ancares-Fornela, Cabreira Baixa; en territorio administrativo zamorano tamén se verifica a lenición de /-l-/ nalgúns falares galegos de Sanabria (Seco 2001: 89). Pola súa banda, a desaparición da nasal intervocálica tamén se reflicte en certa falas de transición no galego-leonés: Bierzo, Ancares-Fornela; en Zamora esta situación aparece nalgún punto de Sanabria (Seco 2001: 89); no galego-asturiano a flutuación de /-n-/ rexístrase nos concellos de Navia, Allande, Villallón e na maior parte de Ibias (Babarro 2004: 320-1). Por último, algúns falares galegos do Bierzo caracterízanse pola aditongación nas formas procedentes de Ē, Æ e ō latinos (Seco 2001: 84-85); o mesmo acontece no galego-asturiano, especialmente condicionado polo contexto fónico (ante consoante nasal), na parte oriental de Navia, central de Villallón e nas parroquias de Astierna e Trabado (Babarro 2004: 319).

que acontece cos documentos híbridos latino-romances (vid. § 3.2 e § 4), lembremos algúns exemplos⁸ destes documentos “galaico-leoneses” nos que se verifica unha situación de *difusividade* ou borrosidade (socio)lingüística á que se referían Le Page e Tabouret-Keller⁹: na área ourensá, a coñecida *Carta de foro de Vilaboa*, outorgada por dona Toda en 1244¹⁰; na área luguesa, dous documentos *ðeaz ón e foro*— integrados nos fondos monacais de Samos e Meira, redactados en 1254 e 1256 polo mesmo escribán, Sancho Pérez, notario de Vilafranca do Bierzo¹¹.

Podemos observar en maior ou menor medida o influxo ou presenza de marcas leonesas nestes textos facturados en Galiza (textos “galaico-leoneses”), da mesma maneira que na documentación dos mosteiros estremeiros batemos a miúdo con trazos inequivocamente occidentais. Neste sentido, para o noso traballo tendemos a considerar de maneira flexible a documentación, pois en último termo a nosa preocupación é facer seguimento da aparición e consolidación do romance na Galiza medieval e non tanto a adscrición dese romance a un ou outro código lingüístico (exclusivamente galego-portugués ou hibridado —cuantitativa e cualitativamente en diferente grao— co leonés). En ambos os dous casos é necesaria e complementaria a análise. Por outra banda, estamos a desentrañar os primeiros retallos escritos do romance daquel tempo na zona máis oriental do noso territorio. Moitos dos fenómenos dialectais característicos desta área na actualidade¹² podemos observar desde as etapas iniciais de xestación do romance na escrita e durante toda a Idade Media, en diferentes coleccións documentais relativas a Lugo e Ourense, como as de Samos, Meira (vid. supra), Sobrado de Trives ou Melón. Conscientes das dificultades que entraña esta cuestión, nun principio tívose en conta a documentación exhumada das coleccións monacais estremeiras antes mencionadas¹³, mais sempre coa reserva de que constitúen

8. Vid. Lorenzo (2004b: 39-40), Souto Cabo (2006: 41-45).

9. Le Page, R. / Tabouret Keller, A. (1985): *Acts of Identity*. Cambridge: Cambridge University Press; pp. 180-205. Recollido en Monteagudo 1999: 35.

10. AHPOu, Mosteiro de Santa Clara de Allariz, carpeta 6, nº 1. Editados por Ferro Couselo (1967: 13-14) e Souto Cabo (2004a: 597-599).

11. Editados por Sponer (1932-1934: 116-7). Un comentario pormenorizado do primeiro texto en Souto Cabo 2004a: 574-6.

12. Fundamentalmente: resultados de ě, æ, ø latinos (> aditongación / ditongación); l-, -ll- (> [-l-] / [-ll-]); -l- (> Ø / [-l-]); -nn- (> [-n-] / [-n-]); -n- (> Ø / [-n-]); grupo sj (> [j] / [js]); formas verbais TĒNĒO, -AM, VĒNĒO, -AM (> ptes. etimolóxicos / analóxicos): vid. Seco (2004: 419-420).

13. Así como aquela documentación relacionada con institucións pertencentes ás fronteiras administrativas actuais do noso territorio (Allariz, Penamaior, Samos, Meira, Trives, Melón, etc.) na que se reflicte unha estreita conexión co modelo leonés. A visualización dos trazos “leoneses” (maioritarios) vs. trazos “occidentais” (ocasionais) en termos cuantitativos e cualitativos— nestes textos adoita ser complicada, e require dun espazo superior ao esixido, polo que decidimos non incluír os datos tirados desa documentación neste traballo.

exemplos dunha tradición escrituraria distinta, aínda que influínte no noso territorio.

1.3. *Transmisión textual*

Outros problemas que entraña traballar con esta documentación derivan da súa transmisión textual. Unha parte da documentación medieval notarial, sobre todo na plena Idade Media, chegou á actualidade a través da escolla documental dos mosteiros e a súa copia en tombos. ¿Ata que punto esta copia tivo unha intervención lingüística do escribán que a traslada? Neste sentido, a maior parte dos textos estudados son orixinais; no entanto incluímos 13 documentos (un 4% do corpus) integrados nos tombos de Lourenzá¹⁴, Toxosoutos¹⁵ e Melón¹⁶. Os diplomas dos dous primeiros foron copiados no último terzo do séc. XIII (dentro dos nosos límites cronolóxicos), momento en que foron confeccionados os ditos tombos¹⁷.


O seguinte mapa mostra a localización de toda a documentación romance ata 1270, segundo a institución emanante e/ou outorgante, independentemente do lugar onde se custodiaba. A maior parte dos textos están relacionados coa instancia monástica e, en menor medida (un 5% do corpus), coa catedralicia (Lugo, Mondoñedo e Ourense). Tal e como vimos (§ 1.1), indicamos cronoloxicamente a presenza vernácula tendo en conta dous períodos desglosados: unha primeira fase de emerxencia iniciada no segundo terzo do séc. XIII (1231-1240 | 1241-1254), e unha segunda etapa de despegue e hexemonía romance a partir de 1255 (1255-1260 | 1261-1270).

14. AHN, Códice 1044B, fls. 54r, 68rv, 77v, 108rv, 110v-111r.

15. AHN, Códice 1002B, fls. 50v-51r, 64v-65r, 94v-95r, 103v, 170v, 181v (vid. infra).

16. Un só documento. AHPOu, Melón, libro 339, p. 340. Tombo feito por Lourenzo Pérez en 1611.

17. O Tombo de Lourenzá (eds. Rodríguez González e Rey Caña 1992) contén documentación desde o séc. X (a. 922) ata a segunda metade do séc. XIII (a. 1266). O Tombo de Toxosoutos (ed. Pérez Rodríguez 2004) foi realizado a finais do séc. XIII baixo o mandato do abade don Sancho Eanes (25 de febreiro de 1289); os últimos documentos copiados no tomo dátanse de 1284 e só un dos textos é posterior (a. 1334). O corpo orixinal do tomo chega ata o folio 192, na volta do cal comeza unha escritura diferente á do resto; esta primeira escritura é de tipo carolina de moi boa feitura. Os folios finais, pola contra, escribíronse nunha letra gótica cursiva que debe corresponder xa ao séc. XIV.



2. A “PULSIÓN ROMANCE”: TEXTO HÍBRIDO VS. TEXTO ROMANCE

A progresiva difusión dunha *scripta* tendente á oralidade¹⁸ e o seu reflexo na documentación notarial lévanos a falar de diferentes códigos lingüísticos: romance (243 docs.) e híbrido latino-romance (64 docs.). Tal e como xa foi exposto en varias ocasións¹⁹, nun texto susceptible de ser considerado romance o conxunto de trazos característicos do seu código lingüístico, nos distintos niveis de análise (fonolóxico, morfosintáctico e léxico), debe cumprir unha serie de premisas, fundamentalmente: (a) que sexa suficiente e maioritario, (b) sen restricións de índole lingüística e (c) sen restricións de índole diplomática. O primeiro conxunto de textos está constituído por diplomas redactados por enteiro nese código lingüístico ou, en moitos casos,

18. Referímonos, naturalmente, á representación da oralidade fóra do ámbito onomástico (antroponimia e toponimia) e sintáctico (vid. infra).

19. Remitimos ós traballos de Emiliano 2003c: 5 e Souto Cabo 2003a: 337-9, a partir dos que discriminamos o grupo de textos híbridos presentados a continuación.

coa presenza de cláusulas *mixtas* ou menos estereotipadas— en latín. En segundo lugar, consideramos *híbridos* aqueles textos nos que se observa en maior ou menor grao a implantación do vernáculo na armazón notarial latina e a súa progresiva normalización ou habilitación por parte dos escribáns. Ambos os dous procesos pódense observar a través da tipoloxía e diplomática documental. A cantidade e calidade (morfoloxía vs. sintaxe; ámbito nominal vs. ámbito verbal) do elemento romance nestes documentos non é suficientemente significativa para podérmolos considerar textos romances (vid. § 3).

O corpus de documentación híbrida coa que traballamos consta de 64 unidades textuais cun diferente grao de hibridismo latino-romance, situados entre o séc. XII e 1270. Trátase de documentación procedente²⁰ das dioceses de Lugo (Vilanova de Lourenzá, Ferreira de Pallares, Cat. de Lugo, Sto. Estevo de Chouzán, Vilanova de Dozón), Ourense (Montederramo, Sta. Clara de Allariz, Oseira, Sta. Comba de Naves, S. Clodio do Ribeiro), Astorga (Sobrado de Trives), Tui (Melón) e Santiago (Monfero, Toxosoutos).

1. 1147. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 68C.
2. 1155. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1481, nº 11.
3. 1169, Xullo, 1. ACOu, Mosteiro de Oseira, nº 32.
4. s.d. (1130-1170). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v.
5. s.d. (1150-1180). AHN, Mosteiro de Oseira (Vilanova de Dozón), carpeta 1511, nº 17.
6. 1183. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 51B.
7. 1184, Xaneiro, 5. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1510, nº 20.
8. 1187, Febreiro, 6. ACOu, Mosteiro de San Clodio do Ribeiro, nº 59.
9. 1188, Xuño, 21. ACOu, Mosteiro de San Clodio do Ribeiro, nº 61.
10. 1189. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 62.
11. 1191, Setembro, 20. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1537, nº 10.
12. 1195. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 83.
13. 1195. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 84.
14. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v.
15. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fls. 110v-111r.
16. 1211. AHN, Mosteiro de Monfero, carpeta 498, nº 17.
17. s.d. (1188-1213). ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 6154.
18. 1215, Setembro. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 181v²¹.

20. Referímonos, de novo, á institución emanante e/ou outorgante relacionada co acto documental. Siglas dos arquivos: AA (Arquivo do Mosteiro de S. Paio de Antealtares), ACL (Arquivo da Catedral de Lugo), ACOu (Arquivo da Catedral de Ourense), AHN (Arquivo Histórico Nacional, Sección Clero), AHPOu (Arquivo Histórico Provincial de Ourense), AM (Arquivo do Mosteiro de Melón).

21. A letra deste documento é posterior á do tomo (ss. XIV-XV); vid. nota 18.

19. 1217, Maio, 30. AM, leg. 11, caixa 5, nº 7²².
20. 1218, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 6.
21. 1223, Marzo. AHN, Mosteiro de Melón, carpeta 1440, nº 2.
22. 1225, Febreiro. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 268.
23. 1226, Abril. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 50v-51r.
24. 1226, Xullo. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 12.
25. 1228, Outubro. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 16.
26. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407A.
27. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407B.
28. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407C.
29. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407D.
30. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407E.
31. s.d. (1213-1237). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 103v.
32. 1238, Xuño. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 469.
33. 1243, Agosto, 17. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 94v-95r.
34. 1243, Novembro, 18. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 520, nº 6.
35. 1246, Xullo, 14. AHN, Mosteiro de Samos, carp. 1242, nº 15.
36. 1250, Febreiro. AHPOu, Mosteiro de Montederramo, carpeta C-9, nº 2.
37. 1250, Xullo, 25. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1086, nº 12.
38. 1250, Novembro, 8. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1524, nº 11.
39. s.d. (1ª metade do s. XIII). ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 6147.
40. 1251, Xaneiro, 31. ACOu, Mosteiro de Santa Comba de Naves, nº 666.
41. 1251, Novembro, 27. AHPOu, Mosteiro de Santa Clara de Allariz, carpeta 6, nº 2.
42. 1252. AHPOu, Melón, libro 339, fol. 340.
43. 1252. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 680 | AHN, carpeta 1483, nº 18 (carta partida).
44. 1253, Xuño, 2. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1525, nº 20.
45. 1253. AHN, Mosteiro de Antealtares (Trives), carpeta 520, nº 18.
46. 1255, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1B.
47. 1255, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1C.
48. 1255. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1A.
49. 1258. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 783.
50. 1259, Xaneiro, 29. AHN, Mosteiro de Melón, carp. 1449, nº 11.
51. 1259, Abril. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 7.
52. 1259, Abril. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 824.
53. 1259, Agosto, 24. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 19.
54. 1259, Novembro, 6. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 21.
55. 1259. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 814.

56. 1260, Xaneiro, 18. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 64v-65r.
57. 1260, Xaneiro, 23. AHN, Mosteiro de Antealtares (Trives), carpeta 521, nº 10.
58. 1260, Marzo, 4. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 521, nº 11.
59. 1260, Xullo, 7. ACL, Fondo de pergamiños, nº 49²³.
60. 1260, Decembro, 24. AHN, Catedral de Lugo, carpeta 1329/H, nº 11.
61. 1261, Xuño, 5. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 521, nº 12.
62. 1262, Marzo, 20. AA, Mosteiro de Santo Estevo de Chouzán, caixa 3, mazo 1A, nº 6.
63. 1270, Abril, 30. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1091, nº 7.
64. s.d. (mediados do séc. XIII). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 170v.

3. TIPOLOXÍA DOCUMENTAL

En primeiro lugar, lembremos rapidamente a xénese dos actos documentais²⁴. A *actio*, na que participan exclusivamente o autor e o destinatario, refírese á declaración de vontade acerca dunha acción ou efecto xurídico contido no documento (*negotium*) e da cal derivan os correspondentes dereitos e obrigas. A continuación, tras a solicitude (*rogatio*) das partes ao escribán (*rogatario*) de que se rexistre por escrito o acordo antes realizado, iníciase a fase de *conscriptio*, que supón a confección gráfica do documento. En primeiro lugar, o escribán recolle os elementos informativos necesarios para, posteriormente, proceder a encher o formulario habitual. Estas anotacións previas ao *instrumentum* notarial constitúen a minuta (*imbreviato*). Unha vez revisado e corrixido este escrito preparatorio, procedíase “in grossam litteram” á realización do *mundum* (ou *ingrosatio*), isto é, a posta en limpo da minuta e, polo tanto, a expedición ou *grossa* do acto escrito (feita polo *grossator*). A redacción en pública forma do contrato complétase coa validación notarial: o *instrumentum* reproduce o contido da minuta, pero engade a notificación, o desenvolvemento completo das renuncias e sancións pertinentes e a subscripción notarial, formalidades diplomáticas todas elas necesarias para que o documento teña valor executorio e probatorio.

Por outra parte, segundo a natureza xurídica diferénciase a *noticia* —identificada cos documentos de proba— da *carta* a— plicada aos documentos dispositivos,— distinción operativa desde época romana (*notitia / charta*). Case a totalidade do noso corpus (o 95%) está conformado por textos *dipo-*

23. No ACL existen varias carpetas con documentación real e particular sen sinatura especial; aquí referímonos á que contén os diplomas particulares pequenos, sección 25.


24. Riesco (1987, vol. II: 164-170; 1999: 233-244), Guerra (1996: 221-22).

sitivos, isto é, instrumentos notariais cuxa formalidade diplomática é indispensable para que a acción/transacción que encerran (compra-venda, foro, arrendamento, doazón, permuta, avinza, etc.) poida ter consecuencias xurídicas. Quere dicir isto que o referendo característico destes textos, xeralmente situado no escatocolo ou, ás veces, tamén no protocolo (procedementos de validación e autenticación: testemuñas, subscricións, roboración, selos, etc.), é o que lle confire forma xurídica a— autenticidade e efectividade— ao documento.

Desde o punto de vista tipolóxico, a inauguración da progresiva habilitación do vernáculo na escrita destes primeiros tempos está vinculada na súa meirande parte cos actos particulares e, en menor medida (7%), coa documentación xudicial. Queda fóra desta realidade do primeiro galego notarial a documentación interna das propias institucións eclesiásticas (catedralicia, diocesana, monástica, parroquial), e a das institucións civís. Por outra parte, como xa adiantamos na introdución, arredor do 65% destes actos particulares e xudiciais presenta a instancia eclesiástica como unha das partes intervinientes. Primeiramente falaremos da documentación particular relacionada coa adquisición e xestión do patrimonio inmobiliario, coas operacións comerciais e pecuniarias, e co ámbito familiar. Pola súa banda, os tipos pertencentes ao ámbito xudicial poden ser tamén textos de natureza probatoria (pesquisa, probanza, etc.) ou dispositiva (sentenza, apelación, mandato, etc.).

3.1. Documentación dispositiva

A seguinte gráfica mostra os principais tipos documentais integrados no corpus, desde o séc. XII ata 1270; é significativa a distinta proporción de documentación híbrida e romance en relación ás tipoloxías documentais.




A documentación particular contén a maior parte dos diplomas dispositivos redactados en romance neste período. Dentro desta categoría, os textos relacionados coa adquisición e xestión do patrimonio inmobiliario (compra-venta, foro, doazón e permuta) foron os máis permeables á vernacularización (77%: 237 docs.), mais non de xeito abrupto, como veremos. O volume de documentación híbrida faise máis patente neste tipo de textos: unha proporción significativa (22%: 52 docs.) do total de documentación correspondente á xestión do patrimonio inmobiliario está conformada por textos latino-romances. Vexámolo máis polo miúdo no seguinte cadro, onde se indica a cantidade textual presente nos tipos que integran o ámbito documental ao que nos referimos:

	COMPRA-VENDA	FORO	DOAZÓN	PERMUTA
% total (nº docs.)	43% (133)	17% (52)	11% (34)	6% (18)
% híbrido	30%	44,4%	6,3%	20%
% romance	70%	55,6%	93,7%	80%

A gráfica revela que a tipoloxía máis susceptible de acoller o romance na súa confección, se ben non é o tipo máis documentado no período (52 foros fronte ás 133 vendas), é o aforamento (e análogos: arrendamento), xa que case a metade (44,4%) dos textos labrados ata 1270 presentan diverso grao de hibridismo. En segundo lugar, un terzo do total de compra-vendas expedidas non foron redactadas integramente en romance. Podemos concluír, a partir da gráfica de abaixo, que no foro o hibridismo continúa a ser a situación dominante pasado o ecuador do século (no período do 1251-1260, 6 de 8 docs. son híbridos²⁵), mentres que o contrato de compra-venta, menos permeable, estende en moi pouca medida máis alá da metade do século a primitiva situación de autonomía do modelo tradicional (11 docs. híbridos de 48).

25. É significativo que aínda no último decenio estudado se produzan textos híbridos (1261, 1262 e 1270).



Compróbase, polo tanto, que é neste subconxunto temático dos actos particulares onde, en xeral, a tradición escrituraria latina non pode seguir impoñéndose na totalidade do documento: na *dispositio* o escribán comeza necesariamente a deitar a oralidade. Pero, ademais, se deixamos a un lado a documentación producida entre 1261 e 1270, período en que o emprego do romance se incrementa enormemente en detrimento do latín na maior parte das coleccións monacais que coñecemos, observamos como a proporción de textos híbridos é aínda máis significativa e amosa, de novo, unha situación gradual na habilitación do romance: máis da metade (57%) dos diplomas redactados ata 1260 aínda reflicten unha falta de independencia con respecto ao modelo latino. Comprobaremos no seguinte apartado (§ 4), tal e como xa se manifestou noutras ocasións (Souto Cabo 2003a: 333), que o contraste que se observa nestes documentos híbridos entre os treitos dispositivos (*scripta* romance) e os formulísticos (*scripta* latina) demostra que a ausencia do romance non se debe a unha falta de habilidade escritural, senón á estruturación imposta polas regras do discurso diplomático. Onde si se pode reflectir unha escasa habilidade ou capacidade por parte do escribán é na realización da *ingrossatio* unha vez corrixida a minuta:

O *mundum*, mas não a minuta, era feito no local de trabalho, com possibilidade de consultar os formulários ou outros instrumentos auxiliares na tarefa de formalizar o diploma usando um registo tardo-latino profundamente distanciado da língua oral. A maior ou menor proximidade entre a minuta e o *mundum* decorreria então de factores como o grau de formação, experiência ou capacidade de memória do *notator*,

reflectíndose no grao de interiorización de fórmulas e formulários e de dominio (não-assistido) da lingua escrita (Martins 2001a: 32).

Seguindo dentro dos actos particulares, un segundo ámbito temático é o relacionado co capital e as operacións comerciais. Del rexistramos moi poucos exemplos, todos eles romances: os piñoramentos (2 docs.) e as cartas de renuncia ou *quitazón* (5 docs.)²⁶.

En terceiro lugar, rexistramos un conxunto de documentos pertencentes, dentro dos actos particulares, ao ámbito familiar. Trátase de once testamentos (vid. nota 32), dos cales tres, redactados no séc. XIII e pertencentes ao Tombo de Toxosouts, presentan distinto grao de hibridismo. Malia seren documentos, en principio, tipicamente dispositivos, as *mandas* aproxímanse en gran medida aos textos de carácter probatorio/preparatorio (vid. infra), debido á flexibilidade e variabilidade en contido e forma— da súa parte dispositiva, tendencialmente extensa. Consérvanse textos de factura portuguesa do período en cuestión²⁷ que demostran que a *actio*, no caso dos testamentos, podía dar orixe a dous tipos de diplomas: dispositivos ou probatorios. Estes últimos nunca chegarían, en canto actos xurídicos, á fase de *conscriptio* (consignación por escrito), xa que os que se conservan non posúen ningún sinal validatorio (subscrición notarial, testemuñas ou data)²⁸. Aínda que esta circunstancia non se rexistra en ningún caso nos textos galegos que coñecemos, non obstante, convén salientar a existencia deste tipo documental nunha data moi temperá e no occidente do noso territorio. Trátase da manda testamentaria disposta por Airas Ovequez, en 1237, por ocasión dunha viaxe a Santa María de Rocamador, pertencente ao fondo monacal de San Salvador de Lérez²⁹ (Pontevedra). Isto vén verificar a existencia dunha precoz operatividade da *scripta* innovadora na zona máis occidental do noso territorio³⁰, se ben asociada a un tipo documental en principio dispositivo, mais cun marcado valor testemuñal e de perpetuidade.

26. Outros tipos minoritarios vinculados ao capital ou xestión do patrimonio presentes no corpus son as seguintes: deslinde, traspasamento, carta de posesión, restitución, recebemento, exención, carta de veciñanza, etc.

27. Guerra (1996: 213-19), Martins (1999: 498, 2001a: 30-32).

28. "Talvez a validação destes diplomas decorresse da *actio* à qual estariam presentes, como testemuñas, autoridades religiosas, já que os mosteiros eram habitualmente os principais beneficiários dos testamentos" (Martins 2001a: 32).

29. AHN, S. Salvador de Lérez, carpeta 1786, nº 18. Descuberto recentemente e transcrito en Souto (2006: 77).

30. Lembremos que é o documento conservado máis antigo da súa provincia. Por outra banda, ata 1260 as únicas pezas documentais de procedencia máis occidental (Oia e Moraimo) son dous textos do último decenio (1253 e 1260) labrados por dous escribáns da área de Toroño e Vímianzo, respectivamente.

Por último, dentro da documentación particular rexistramos un conxunto significativo de textos relacionados, moi frecuentemente, coas transaccións inmobiliarias ou monetarias. Falamos do acordo ou avinza, tipo documental a través do cal as partes resollen as súas discrepancias acerca de moi variados asuntos: propiedade de inmobles, reparticións de herdanza, dereitos sobre rendas, etc. Dos 15 textos rexistrados, unicamente os dous máis antigos (1188 e 1250) presentan romanceamento; os demais foron producidos integramente en romance a finais da década dos 50 e ao longo do decenio seguinte. Obsérvase, probablemente debido á maior presenza cuantitativa e cualitativa de treitos formulísticos, a escasa ocorrencia de trazos escripto-lingüísticos vernáculos nos textos latinos, así como a habilitación relativamente tardía do romance como rexistro único para este tipo documental.

En relación coa documentación de tipo xudicial, a situación lingüística é moi homoxénea, especialmente se a comparamos coa da documentación particular. Nesta, tendo en conta todos os subtipos textuais comentados, ata un 22% é híbrida; pola contra, na documentación xudicial integrada no corpus todos os diplomas a- gás unha pesquisa da 1ª metade do séc. XIII— foron redactados integramente en romance (maioritariamente sentenzas e preitos), mesmo aqueles de natureza probatoria (probanzas e relatos de contenda).

3.2. *Documentación non dispositiva*

No traballo que presentamos aquí exporemos sumariamente algunhas das conclusións ás que chegamos no estudo realizado en Gutiérrez Pichel ([no prelo]), onde se incide nas especificidades deste tipo documental. Arredor do 5% da riqueza documental recollida no corpus representa un conxunto de textos de natureza probatoria. Os números 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 13 son híbridos, mentres que o resto foron redactados integramente en romance.

1. s.d. (1130-1170). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v. ["noticia de terras" de Vila Cesar, pertencentes ao mosteiro de Vilanova de Lourenzá].
2. s.d. (1150-1180). AHN, Mosteiro de Oseira (Vilanova de Dozón), carpeta 1511, nº 17 ["noticia de herdades" ofrecidas por un particular ao mosteiro de Vilanova de Dozón].
3. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54r. ["noticia hominum uel casalium" do mosteiro de Vilanova de Lourenzá en Santa Eulalia].
4. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fls. 110v-111r. [Inventario de propiedades do mosteiro de Vilanova de Lourenzá en Biededo].

5. s.d. (ca. 1243). AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1082, nº 18 [Relato de contenda patrimonial entre particulares].
6. 1246, Xullo, 14. AHN, Mosteiro de Samos, carp. 1242, nº 15 [Deslinde das propiedades dun particular].
7. s.d. (1ª metade do séc. XIII)³¹. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 6147 [“inquisitio uerissima” sobre as propiedades reguengas do mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives, na terra de Laioso (Maceda)].
8. 1255, Agosto, 23. AHN, Mosteiro de Melón, pasta 1448, nº 2 [Probanza aducida polo abade do mosteiro de Melón].
9. 1258, Setembro, 17. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 7 [Relato de contenda do abade do mosteiro de Ferreira de Pallares].
10. s.d. (ca. 1261). ARG, Pergamiños, nº 111 [“nodiça” de gastos do mosteiro de Caaveiro].
11. s.d. (1261?). AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1096, nº 15 [“rrenēbrāza de herdades” conseguidas por Munio Fernández de Rodeiro].
12. s.d. (post. a 1260?). ARG, Pergamiños, nº 112 [Fragmentos de testemuños e probas sobre un preito, do mosteiro de Sobrado].
13. s.d. (mediados do séc. XIII). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 170v. [“noticia de quinionibus” do mosteiro de Toxosoutos na igrexa de San Salvador de Taragoña].

Por unha banda, temos cinco documentos de carácter xudicial: dúas probanzas (docs. nº 8 e 12), dous relatos de contenda (docs. nº 5 e 9), redactados os catro integramente en romance; e unha pesquisa latino-romance (doc. nº 7). Por outra banda, rexistramos un deslinde híbrido (doc. nº 6), sete inventarios de bens e/ou propiedades (5 híbridos: nº 1, 2, 3, 4 e 13; 1 romance: nº 11) e unha noticia de gastos, en romance (doc. nº 10). Os testamentos rexistrados no noso corpus³², malia presentaren un aspecto menos

31. Data proposta por Lorenzo / Pérez (Ino prelo), na súa edición inédita de Montederramo, tendo en conta a letra e os actuantes. Duro Peña (1967: 58-9, nº 2) datárao nos últimos tempos do rei Afonso IX (1188-1230), isto é, ca. 1225-1230. Souto Cabo (Ino prelo) aproxima a data da pesquisa a ca. 1230.

32. 1226, Abril (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 50v-51r. | 1237, Abril, 17. AHN, Mosteiro de San Salvador de Lérez, carpeta 1786, nº 17 | 1243, Agosto, 17 (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 94v-95r | 1255, Setembro, 22. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 4 | 1258, Abril, 8. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 1 | 1259, Agosto, 20 (cumprimento). AHN, Tombo de Lourenzá, 1004B, fl. 77v | 1260, Xaneiro, 18 (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 64v-65r | 1260, Detembro, 24. ACOu, Mosteiro de Oseira, nº 348 | 1261, Abril, 28. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1089, nº 18 | 1266, Febreiro, 4. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1090, nº 15 | 1269, Marzo, 20. ACOu, Mosteiro de Oseira, nº 1013.

formal, inclúen a formulística validatoria típica dos textos dispositivos. No entanto, xa foi dito que son tipos moi próximos aos textos de carácter probatorio.

É interesante notar que o primeiro dos rótulos [*notitia*], além de designar un espécimen pelo conteúdo, parece sinalar tamén o carácter menos formal do mesmo. De facto, a *Noticia de Vermudo Guterres (B1)* sería propriamente uma «manda» assim como a de Pedro Alvites (*B3*). Isto evidencia que se tinha consciéncia da possibilidade de as tipologías próximas dos testamentos poderem apresentar a configuración de documentos de prova (Souto Cabo 2003a: 335).

Segundo a súa natureza xurídica, trátase de trece textos — endencialmente— non dispositivos. Referímonos aos documentos de proba, aqueles nos que non existe vínculo entre o contido do documento e as consecuencias do feito xurídico para o que potencialmente foron labrados. Son tipos textuais nos que fundamentalmente interesa, por unha banda, constatar e perpetuar a lembranza do feito xurídico e, por outra, servir, se for necesario, de testemuño sobre a dita acción xurídica (Riesco 1987, vol. II: 162-3; 1999: 208). Non precisan ser validados porque non se erixen en actos xurídicos e, como consecuencia, non teñen efectos legais directos.

A nivel diplomático esta circunstancia reflíctese na ausencia da subscripción do notario e das testemuñas; a maior parte das veces isto tamén acontece coa data (crónica e tópica), aínda que non sempre (docs. nº 6, 8 e 9). O contido deles, xa que logo, queda limitado á súa parte esencial (a *dispositiva*) e, polo tanto, o texto non excede o ámbito da *minuta* (vid. supra). Tal e como se expón no referido estudo, verificase que as partes máis formalizadas non son necesarias e, como consecuencia, ou non aparecen (doc. nº 4) ou quedan limitadas, en xeral, a unha breve identificación inicial do acto diplomático. Isto é o que acontece, v. gr., nos inventarios (vid. na listaxe anterior a información entre corchetes dos docs. 1, 2, 3, 10 e 12).

Centrándonos na documentación híbrida, nos textos de carácter probatorio e/ou preparatorio (*imbreuiatum* vs. *ingrossatum*), debido a que se compoñen case exclusivamente da parte máis esencial — dispositiva— xa que son desprovistos da formalidade autenticatoria, obsérvase que o romance xorde en calquera parte do documento mesturándose de xeito heteroxéneo co elemento latino. A disposición do elemento vernáculo nestes textos é máis xeral e difusa ca na documentación mencionada no apartado § 4, onde o romanceamento se concentra en masas compactas no seo, precisamente tamén, da parte máis variable e permeable á— oralidade— do instrumento notarial. Parece evidente que este tipo textual (non dispositivo) e o acto diplomático que o fai posible (*minuta*), recolle as condicións idóneas para que

se desenvolva unha *scripta* innovadora respecto do seu modelo latino— que tendencialmente reflecta a oralidade manifestada previamente na *actio* documental.

Tanto nos inventarios de bens e/ou propiedades coma nos textos de natureza xudicial pódese advertir un progresivo e inminente “contaxio” da *scripta* romance nos moldes escriturarios tradicionais. No nivel grafo-fonémico, este proceso de xestación do código innovador reflíctese en primeiro termo no ámbito (pro)nominal³³, fundamentalmente substantivos — nequívocamente reinterpretables como romances³⁴— referentes ao contido básico do documento (maioritariamente transacción/xestión da terra):

agro, casal/casar, comarum, cortina, devesa, dineiro, erdecros, lameiro, leyra, linar, mato, moesteyro, orto, pradeyro, renda, rio, seara, soutelo, souto, vilar, veyga, etc.

En segundo lugar, as estruturas oracionais artelladas en torno a un operador adverbial/preposicional, visible case sistematicamente nos treitos de estrita delimitación espacial, tenden a romancearse con relativa frecuencia alternando con construcións latinas en grande medida ritualizadas:

- “dilus corragos ... u directo do monasterio” (doc. nº 1), “dis istu usque in lago mortu directo do moesteyro dela agra du cotu usque”.. (nº 1), “jnna siara toto directo do moesteyro” (nº 1), “todo cabo devesa” (nº 4), “como comeza in molino et inde per rio. et inde al marco do lameiro”.. (nº 7); en xeral coas preps./adv. romances: *a, cabo, des, como, so*, etc.
- construcións exclusivamente latinas: “iacet subtus”.. (nº 4), “quomodo vadit ad”.. (nº 4), “quomodo iacent... per quondam...” (nº 4); en xeral coas prep./adv. latinos: *ad, cum, in, inde, quomodo, sub, super, unde, usque*, etc.

Por último, máis significativa para decidirmos o estatuto idiomático dun texto é a análise do que acontece no ámbito verbal. En efecto, o dato decisivo para interpretar estes textos como híbridos (e non como romances) é a

33. Deixamos á marxe a onomástica persoal, xa que este código posúe un notable grao de independencia en relación ao lingüístico (para Diéguez González 2000 [2002]: 37, é un “código semiótico non lingüístico”). Algo similar acontece coas ocorrencias toponímicas, aínda que neste caso interesan aquelas formas que, ó mesmo tempo, constitúen vocábulos comúns usuais.

34. Para a análise destes textos unha determinada forma neutra, isto é, que non posúe sinais específicos romances, consideráremola en principio ‘latina’ (vid. Souto Cabo 2003a: 338, Emiliano 2003c).

diferenza no índice de frecuencia de ocorrencias verbais con flexión romance, aínda limitado fronte o conxunto de ocorrencias latinas³⁵. Algúns exemplos:

- *benfeitado, comeza, comparoc* ('comprou'), *departem, deron, ei, enqueriron, exquiseren, leuo(les/los), ouueron a fazer, parti, quitou, raciongar, tomou, tiuu*.
- formas latinas: *addidit, audiuerunt, benefectauit, comparauit, debet, dederunt, dicere, dicitur, dixit, donauit, erat, esset, est, exquisierunt, fuerunt, fugiit, fuit, ganauit, habere, habet, iacent, incipit, pectauit, prendidit, raciongauit, relinquít, tenet, uadit, uendiderunt, uidit*, etc.

4. ESTRUTURA INTERNA DO DOCUMENTO

A estrutura diplomática dun documento ofrécenos pautas de introdución do elemento vernáculo na armazón latina. Neste apartado, por unha banda, identificaremos o contido das secuencias vernáculos que, de xeito compacto, se insiren no corpo dispositivo do texto latino. Falamos da parte menos este-reotipada e onde cada acto documental amosa a súa personalidade propia, debido á especificación do acto xurídico. En segundo lugar, observaremos como a progresiva introdución do romance é igualmente recoñecible nas partes tradicionalmente máis formulísticas: desde os primeiros tempos obsérvanse cambios significativos nos treitos, en principio, menos permeables ao contaxio coa nova *scripta*.

Na maior parte das ocasións, o romance aflora nas indicacións relativas á localización e descrición espacial das propiedades obxecto da transacción, ou ás particularidades históricas da posesión de ditas herdades (ex. 8). Mesmo podemos visualizar esta tendencia ao romanceamento nas escasas fórmulas de introdución dos datos xeográficos ou pecuniarios (ex. 12), ou na propia *notificatio*³⁶ do documento (ex. 8). Nos seguintes exemplos³⁷ pode-

35. Remitimos ó noso traballo citado anteriormente para unha análise pomenorizada de todos estes aspectos.

36. Tamén chamada *promulgatio* ou *prescriptio*, trátase da parte que serve para anunciar o feito xurídico contido no documento mediante unha chamada de atención ás persoas a quen poida interesar positiva ou negativamente. Lémbrense as fórmulas latinas equivalentes: "Sciant omnes, noverint universi, notum sit omnibus tam presentibus quam futuris", etc.

37. A numeración a partir de aquí corresponde á do corpus total de documentación híbrida (vid. § 2). Todas as transcricións fragmentarias incluídas neste traballo son propias. Debido ás particularidades escrito-lingüísticas deste tipo de documentos conservamos en gran medida a situación do texto orixinal. Unicamente intervimos no desenvolvemento das abreviaturas (en cursiva) e na unión e separación de palabras (seguindo a norma actual) excepto nos casos onde a disposición orixinal tiña unha especial relevancia lingüística. Convencións gráficas empregadas:

mos observar a inclusión de construcións vernáculas (no plano nominal, adverbial/preposicional e mesmo verbal) que van artellando o esclarecemento exacto das herdades en cuestión.

- 1155, Montederramo (nº 2): “*Termjni autem de couis silicet per huius modi loca. In primjs. per portum de coujs. Deinde contra ural. Et deinde per spinarium a enfestu. Et inde ao carril de aural [..] Et inde per uiam contra ujljarinum frigi<dum>. usque ad riuum de casar de bispo. Et inde a enfestu per ipsum rliu]um usque ad portum de coujs contra o[urall]*”.
- 1184, Oseira (nº 7): “*ffacimus cartulam uendicionis [..] d’ ipsa nostra propria una leyra de su a uila do castro τ ipsa leyra afunso fagundi. cumu de parte de edade da uila e fe<r> en comeda. cuncurente fluuio dezum*”.
- 1211, Monfero (nº 16): “*damus [..] nostras portiones [..] e iacent de la áqua de pigaroa deinde per paos del conde τ per ambas irmáas τ pelos uilares de maiores. deinde per castro podamo τ pela uelosa*”.
- 1223, Melón (nº 21): “*uendo meo quinione quanta ego ibi habeo in linare de gunda [..] des porto <palacaneo> quomodo corri per aqua pe<c>deyra adsi quomodo uadit ad rio de lor. τ diparte. per termino de sancta marta. τ per termino de cays*”.
- 1226, Montederramo (nº 24): “*facio cartam [..] de uno casario τ est prenominato in tamagelos in cema de uila τ de una lera sub ela ueieia que fer ina antigua*”.
- 1251, Santa Comba de Naves (nº 40): “*hereditatem de pena longa quomodo diuidit per ipsa petra. τ inde ad pena do muogo. τ inde ao outeiro da felgeira. τ inde a las lag<en>as de <.> τ inde a lo oute\i/ro da pena lubusome. τ inde reditur super lo souto τ uadit a lo marco do ual do bezerro. Jn alia parte quomodo diuidit connos de caneto perla pena lobusome τ uadit ao cancelo. τ reditur sursum quomodo diuidit con .p. arie*”.
- 1251, Santa Clara de Allariz (nº 41): “*damus [..] quantam hereditatem habemus jn uilla que dicitur sendjn. quale. fuit de eluira gunzaluet. que le nos comparamus. damus tibi τ generatio tua usque in perpetúum. τ sacho inde. duos soares unum iacet cabo ianuarius paez et altero iacet cabo ó de domnus petri*”.
- 1253, Oseira (nº 44): “**sabuda cousa sega** qui eu [..] uendo totis montis \quaes/ uos britastis τ ficarun pur britar. τ os nouos qui inde leuastis \montis τ de/ de (sic) ipsis casali d’ outeiro. qui fui di rudrigu poleg<.> qual eu τ ge\r/mana mea tenemus de uos in uita nostra”.
- 1258, Montederramo (nº 49): “*damus [..] totam hereditatem quam habemus in termjnu d’ esquadro delas portas áásusu como uay áá pena do sengo τ damus*

< >: lectura dubidosa, “[]”: reconstrución de texto deteriorado ou desaparecido, “\ /”: texto escrito na marxe ou no interliñado, “<.>”: texto mutilado, “[.]”: omisión voluntaria do editor para abreviar o texto.

quanta hereditatem habemus iuxta grangiam de payoes sicut est diuisa per homines bonos”.

- 1259, Montederramo (nº 55): “ffatimus (*sic*) uerbum τ cartam de nostra hereditate de couela quomodo parte per capud de fogóo et per lagonam da traue quomodo uadit per uiam per quam descendunt uacce au ual do cornelo per rigarrum quomodo descendit ad senaram domni stephani. a directo au feal da cabreyra quomodo uadit ad serram áá cruz de ual de bezerros per malada de pay campisino au menzon do azeual per lonbo d’ entre lo azeual τ u teyxedo quomodo uenit ad cruce[m] da edreyra et parte perlas outras cruces τ perlos deuisos aas portas do canzelo”.
- 1260, Trives (nº 57): “Quanta hereditate habemus alende o rio de cereysa. et dela careira que uay pora castro. [...] pollo agro do casar de nogueiras. [...] inde ha cortina de corraes que ten maria canelas cabo ó orto de sancto laurenzo. τ otros dos cortineiros que ten sancha petri in sancto laurenzo. τ quanta inde non ten o nosso casar de nogueiras cum sua fructa. τ mas uos damus. o orto de sancto laurenzo. τ la meadade da costa. τ do castro de sancto laurenzo. τ desta parte medietatem de dos nogueiras. τ de una castaneira. τ as meas das cerdeyras”.
- 1260, Lugo (nº 59): “facio cartam venditionis. **Scilicet** lareas nominatas ubi uocatur outario sub signo sancti Johannis **Conuen a ssaber** duas en loco que uocatur ruuias \<ruuaes/> inter larea do espital τ de azenda perez τ alia ao barral. τ ubj uocatur curtinero áá lagea cerca o carualo de outario. τ alia nas cortinas inter larea de san johan \< τ / de eldonza odarij. τ Alia supras dictas cortinas cerca leyra de predicta eldonza odarij. τ Alia que uocatur larea do trijgal cerca larea de hospital. τ Alia da barcela comodo jacet con suis terminis”.
- 1261, Chouzán (nº 61): “Do. atque concedo. montem illum τ locum qui dicitur barvectos. [...] in cauto de Lausada. sicut diuiditur de bustelo per cima do castillon. τ inde sicut uenit áá carvala torta das paredes. τ inde ad marchum qui stat nos fontáos. τ inde per ipsam regariam a festo áá fonte d’ espineiros. τ inde a directo áó camino quod uadit para uilar de mulieribus”.
- 1262, Chouzán (nº 62): “ τ uadit per directuram áó marco que \e/sta inter petras. τ inde sicut uadit per alios marcos que stant super agrum de lamela. τ inde sicut uadit per marcos qui stant entre a estiuada noua τ uetera. τ inde sicut uadit firir áó marco do feal. τ inde sicut uadit per uiam que uadit de lamela para sancta marina de uiascóés. sicut diuiditur de hereditate sancti iohannis da coua de ista supradicta. In super. do. τ concedo uos omnes supradicti o qui non que suá téer o casar do pereyro na uila de lamela”.

Outro dos treitos variables do corpo ou *dispositio* máis susceptibles á vernacularización é a referencia a elementos materiais concretos, especialmente, a indicación da contribución ou pagamento ~~da~~ do ou recibido— en

relación a unha venda, foro, arrendamento, cesión, manda testamentaria, etc.

- 1169, Oseira (nº 3): “*per precio nominato .j. rocn̄n insilado τ infrinado sela era rasa circumdata de orla rubea de pano .C. τ .xx. solidos. τ magis dedit in pane τ in carne*”.
- 1188, San Clodio do Ribeiro (nº 9): “*et faciant uno molino in testa in auie. τ moer illa cibaria de monasterium sancti claudi. sine maquia. fora milio. τ faciant alios molinos [...] in ribulo Baraoni*”.
- 1195, Montederramo (nº 12): “*τ accipio de uobis unam tunicam τ unam capam et unos zapatos*”.
- 1223, Melón (nº 21): “*uendo mea hereditate quanta nos habemus in linare de gunda. pro .xii. solidos τ medio. τ in robore .i^a. cabáacia de uino*”.
- 1250, Oseira (nº 38): “*tali pacto ut persoluas inde mibi uel uoci méé. iij^{es}. modios de pane. medio de millo. τ medio de zeuera. τ i^o. quarteyro de tritico. τ i^a. teyga in pane amasado. τ duos capones. τ una cabalaza (sic) de uino. τ vi. soldos. τ vi. afusaes de lino. τ i^a. teyga de fauas*”.
- 1253, Trives (nº 45): “*quod detis inde annuatim. quintam de pane. τ v^e solidos annuatim. [...] τ unum solidum de heyradigo. τ x. oua. τ unam gallinam. τ unam scalam de manteyga. τ unum pedernal*”.
- 1259, Melón (nº 50): “*τ detis inde mibi uel uocj anuatjm medietatem pane in area τ medietatem uini in lagare τ tercia de orgio. τ vj. denarios pro lino. τ iij. solidos <.> anuatjm .i. pro coleyta.[...] τ debetis dare mibi uocj méé .iij. almudes de castaneas anuatjm*”.
- 1260, Trives (nº 57): “*τ de al nichil detis. Excepto inde nabal que facitatis quam mano uolueritis. el nabal alzado. se meade totum terrenum de serodas. τ pro ipso nabal. τ por orto. τ por fructa. detis annuatjm .vj. soldos. de renda. in die sancti iohannis bap̄tiste. τ .j. soldo. de heyradigo. τ detis annuatjm in die sancti micah[elis] [τ in die] sanctj martinj. iij^{ps}. dineiradas de pan. τ .j. gallinam bonam. τ do chando que ibj feceritis detis nobis, uel uocj nostre. iij^{ps}. partem ad obitum uestrum*”.
- 1270, Ferreira de Pallares (nº 63): “*τ debetis dare mibi anuatjm unum touzinum τ d\u/os capones*”.

Ata agora vimos que a inclusión do romance no texto latino aparece con máis facilidade na *dispositio*, onde se explicitan os límites territoriais e as especies de pagamento pertinentes. Non esquezamos que o 93% do noso corpus textual está vinculado a actos particulares referidos á xestión do patrimonio inmobiliario e a operacións comerciais ou pecuniarias. No entanto, dentro do propio corpo do documento, existen outros treitos diplomáticos que revelan a— índa que con menos frecuencia— a presenza dunha práctica

romanceadora. Falamos da *sanctio* e *corroboratio*, localizada polo xeral inmediatamente antes do escatocolo. No primeiro caso, coa 'sanción' garánte-se o cumprimento da acción xurídica contida na *dispositio*; pola súa banda, na 'corroboración' certifícase que foi realizado de acordo coas formalidades necesarias para lle dar validez ao escrito. É, como veremos, na *sanctio* onde se rexistra con máis nitidez a introdución do elemento vernáculo, especialmente nas cláusulas obrigatorias, prohibitivas e penais. No seguinte exemplo vemos que na expedición dun *negotium* venda — pode ser pertinente a concreción dunha condición ou obriga derivada del:

1238, Montederramo (nº 32): “hec est *precium nominatum. quod* a uobis recepit *cilicet (sic)* .L. soldo\\$/ monete legionis. τ se *filius meus uel aliquis hanc cartam frangerit (sic)* uoluerit sit *maledictus τ comunicatus (sic)* et pectet .c. *solido\\$/ domino terrem. τ illam hereditatem* tali loco *ducp latam*. Asi como eu le uendio ista mia. Asi le uendo o *quinon* de meu irmano *iohan lopez*. que ei *comprado* por <x>eix. soldus. e se meu irmaúú (*bai un <e> riscado*) ina *terra uen*. e \i/sta carta *non* quer otorgar. eu petro lopez amparar mia irmaá *cum* ista *erdade*”.

Especialmente nos documentos de natureza contractual, nos que se realiza unha cesión ou transacción comercial, é habitual a aparición de cláusulas *obligatorias* (en menor medida as *preceptivas*) polas que as partes intervinientes se comprometen a cumprir co pactado na disposición. Deseguido reproducimos algúns exemplos nos que tales cláusulas son puntualizadas segundo as circunstancias concretas de cada transacción. Frecuentemente inclúense no documento coa finalidade de precisar as condicións do tributo ou pagamento, ou para cominar ao mantemento, restauración, rendemento e, en definitiva, ao bo coidado e rédito do ben adquirido:

1250, Montederramo (nº 36): “*damus uobis áá tal foru. que* dedes inde *quarta* de *pan uobis (sic)* τ *generatio uestra usque in perpetuum. mibi uel* *cuj uox mea* habuerit. τ *colerdlels* meu *maior domo*. τ leuades o *pan* a meu *celejro*. ena *fijgrisia*”.

1251, Santa Clara de Allariz (nº 41): “*toda altera do tibi que sis inde* mei *uassalj*. τ *dares inde* nos *quarta* de *quantum deus dederit* *ibj*. τ *chamares meum* *maior domo*. τ *dares* de *heratico .iij*. *talegas* de *cebaria*. τ *anuatum*. *xvij*. *denarios* por *foro*. τ *séeren* *pacatos usque festum sanctj* *martinj*. τ *de luctosa*. *unum* *morbidil*. τ *si uenerit tibi paupertate que non* *passas morare in terra*. *nen* *in istum forum*. Ego *domnus .ffermandus*. *ír* e *filare hereditate* τ *metela* a *prol*. τ *tu* *quando ueneris filares tua hereditate*. *de ianero*. a *ianero*. (*sic*) τ *non* *perderes* *tu ista herdade*. *nen* *eu a prol dela*”.

- 1255, Montederramo (nº 46): “τ Ego Johanne moniz. outorgo per mea bona a enparar esta erldade a monte de ramo. Johannes publicus notarius qui scripsit”.
- 1259, Melón (nº 50): “τ quando colerdes pane τ uino τ orgio per meum maiordomum. τ si ego uobis non dederit maiordomum colerdes meum quinonem bene τ fideliter. [...] τ debetis e<s>e nostros uasalos. τ ego debeo uobis amparare a dereyto τ si uobis non potuerit amparare debetis filare senior que uobis anpare”.

A continuación exemplificamos o romanceamento na concreción de treitos formulísticos *prohibitivos*, nos que, en xeral, se veta todo o que poida ir en contra da acción xurídica:

- 1228, Montederramo (nº 25): “τ recipio inde precium. unum rocinum. unde bene suu pagado. τ uiuian. filio de paiote. fiador de outorga. de toto ominem qui a demande”.
- 1250, Montederramo (nº 36): “τ si uolueritis istum forum uendere uel supinorare. ante nobis quam alios homines uel cuj uox nostra habuerit τ si nos noluerimus uendatis uel supinoretis aa talios homines que faciant nobis istum forum in pace. τ non sedeant cabaleros nem frades nem freires. se non homéés que faciant nobis istum forum in pace”.
- 1251, Santa Clara de Allariz (nº 41): “τ si uolueris istum forum uendere uel supinorare. ante mihi quan alteros homijnes. uel cuj habuerit uox mea. τ si non nolumus (sic) comparare. nem supinorare. uendas tu a talios homines que faciant nobis istum forum in pace. τ non sit miles nen frade nen dona nen ho\m/e (o <m> é corrección) d’ ordin. mage sit talios homines que faciant nobis istum forum in pace”.
- 1255, Montederramo (nº 48): “τ Ego. Maria pelagij outorgo per mea bona si aliquis uenerit contra ista leyra. demandar”.
- 1259, Montederramo (nº 51): “Ego martin gunzaluj outorgo a martin ioanes per mj τ per mía bóa quanta onde ago que alonge todo ome τ muliere que lj ueer demandar esta erdade”.

As cláusulas *penais*, mediante as que se anunciaban penas e castigos de diferente índole (económica ou espiritual), son tamén obxecto de romanceamento temperán.

- 1233, Montederramo (nº 26 e 27): “pro precium nominatum c. τ xl^a. τ .ii. solidorum. unde bene sumus pagados. habeatis illa firmiter pro senper. τ **quin ista karta uoluerit frangere**. pectet hereditatem duplata. τ domino terre .c^m. morabetinos”; “pro precium nominatum .xi. solidorum. unde bene sumus pagados. habeatis illa firmiter pro senper. τ **quin ista karta quisier pasar** pectet hereditatem duplata. τ domino terre .c^m. morabetinos”.

Aínda dentro do corpo do documento, faremos mención agora das cláusulas *corroborativas*, que certifican que o diploma foi elaborado seguindo os formalismos requiridos. No seguinte exemplo observamos o romanceamento do acto de subscrición do autor ou outorgante (*roboración*):

1259, Montederramo (nº 51): “Ego *martín* gunzaluj [...] outorgo esta carta τ en elias *manus* roboro”.

Por último, fóra do corpo documental, podemos atopar tamén o cambio de código lingüístico. Trátase dos espazos formulísticos menos porosos da confección diplomática do instrumento: o treito inicial (protocolo) e final (escatocolo) de todo documento dispositivo, onde se conteñen as fórmulas legais necesarias para lle outorgar ao texto perfección xurídica. A penetración do romance nestes espazos adoita ser máis tardía: os escasos exemplos³⁸ localizados foron redactados a partir da década dos 60; de feito a súa consignación en latín en documentos romances constitúe unha práctica ritualizada durante toda a Idade Media. No protocolo o romanceamento pode xurdir na *invocatio* (ex. “In dei nomine” vs. “Eno nome de deus”) ou na data crónica (moitas veces situada na parte final do documento). É aquí, no escatocolo, onde é máis visible o contaxio romance, especialmente: na data, no anuncio da *rogatio* (ex. “Ego P. per mandado de J. scripsit”; vid. § 3), na *completio* ou indicación do acto de escritura do notario (ex. “scripsit/notuit” vs. “notey”) e na *absolutio* ou autenticación mediante o signo notarial (ex. “[signum meum] pusuy” vs. “puge y/atal/asy”).

5. O PULO LEXISLATIVO

Para rematar, queremos apuntar moi brevemente diversas consideracións acerca dunha cuestión amplamente tratada nos estudos peninsulares. ¿Houbo algún aspecto lexislativo que incidira no cambio de lingua escrita? Dada a referencia que algúns autores fan a Afonso X o Sabio (1252-1284) como o rei que decreta a introdución do romance nas escrituras, consolidando unha tendencia que tería comezado no reinado de seu pai, Fernando III o Santo (1217-1252), acudimos á súa obra lexislativa para ver de localizar a mención textual, pois nunca atopamos dela cita literal. Nin nas *Sete Partidas* nin no

38. Remitimos ó traballo de Lorenzo 2004b: 53-55, onde se citan algúns exemplos pertencentes ó último cuarto do s. XIII.

Espéculo aparece unha referencia explícita a esta cuestión³⁹, se ben moito do que nelas se di camiña neste sentido. Antes de desenvolverse a obra lexislativa de Afonso X temos dúas mencións á tradución ao romance que merecerse en conta (Santoyo 1997). Por unha banda, cando o rei Fernando III lle concedeu o *Forum Iudicum* á cidade de Córdoba en 1241 incluíu unha disposición especial na que mandaba traducilo ao vulgar:

Statuo et mando quod Liber Iudicum, quod ego misi Cordubam, traslatetur in vulgarem, et vocetur Forum de Corduba.

Por outra, o seu fillo Afonso X ordena en 1253 que se traduza un acordo en latín de 1210 entre os mosteiros de Sahagún e de San Pedro de las Dueñas, para que as monxas e outras persoas non se viran prexudicadas por non entendela. Parece claro que as monxas tiñan certos problemas nese sentido, pois a tradución do acordo ao vulgar comeza como segue:

Connoscida cosa sea de todos los omnes que esta carta uieren como yo don Alfonso, por la gracia de Dios rey de Castiella, de Toledo [...], ui cartas de composición, en latín, partidas por ABC, entrel abbad e el conuento de Sant Ffagund e el conuento de las Duennas de Sant Pedro, e confirmadas de mio uisauuelo el rey don Alfonso, e porque las duennas e tod omne las pudiesse entender mandelas tornar en romanz, en esta guisa...

A extensísima regulamentación vinculada ao rei Sabio non deixa sen establecer de maneira pormenorizada o labor dos escribáns. Tanto nas Partidas (1256-1260, na súa primeira fase) coma no *Espéculo* (1265) se lles dedica un título específico, con contidos parellos. Na Terceira Partida, o título XIX “*De los escrivanos*”, inclúe dezaseis leis para estes profesionais. Na Lei II dise que deben ser

vecinos de aquellos lugares do fueren escribanos, porque conoscan mejor los homes entre quien ficieren las cartas⁴⁰.

Semellante contido temos no *Espéculo*, sendo o título dos escribáns o número doce do libro cuarto. Na lei XXXIII dise que os

39. Ata o século seguinte non coñecemos ningunha: na *Crónica de los Reyes de Castilla*, redactada entre 1340 e 1352.

40. Citado segundo o facsímile da edición feita pola Real Academia de la Historia en 1807, dispoñible na Biblioteca de Dereito da Universidade de Sevilla (<http://bib.us.es/bibderecho.asp>.)

mensaieros del rey o otros omnes van algunas vezes a otras partes fuera de sus regnos et an meester cartas de como vayan guiados. Et estas deuen seer fechas en latín por que las entiendan los omnes de las otras tierras;

e na lei XXXV, ao aludir ás testemuñas dunha carta de venda dise que

al menos deuen seer a tales que entiendan la carta et la sepan leer.

O que puideran ser tres citas non relevantes adquiren importancia se pensamos que se está a facer fincapé en que os participantes do acto documental coñezan o seu teor, que o escribán non fiquese descontextualizado do contorno en que traballa e que non se faga referencia a que un documento teña que escribirse en latín agás neste caso, no que o documento ten que se escribir na koiné latina por razóns “operativas” específicas. Asemade, o feito de que se desenvolvan modelos de instrumentos notariais dentro desta lexislación, de maneira que as Partidas e o Espéculo poden funcionar como formularios notariais, e que estes modelos se facilitan en romance castelán e non na lingua latina, lévanos a afirmar que, aínda non se desenvolvendo unha norma clara e directa para o impulso do romance na escrita, a lexislación do rei Sabio serve de modelo claro e efectivo para o uso escrito do romance, aplicándoo os notarios á súa lingua propia.

Mais, ¿é independente este labor lexislativo dos comportamentos lingüísticos anteriores? Xa indicamos a presenza de textos híbridos e textos romances claros, con ou sen cláusulas, moito antes destas datas. A sospeita que nós temos, e que podemos corroborar nos apartados anteriores, é que existe unha pulsión, unha realidade previa, á que a lexislación dá cobertura, como, por certo, ocorre a miúdo nas accións lexislativas ao longo de toda a historia. Poderíamos distinguir, logo, dúas maneiras de producirse o cambio á escrita romance. Por unha banda, a primeira, o rebento dunha lingua falada que se achega dunha maneira espontánea á escrita, sobre todo naqueles tipos documentais menos formulísticos que lle abren a porta e nos treitos diplomáticos de carácter dispositivo. Pola outra, a segunda no tempo, o reforzamento da lingua romance (por moito que dunha maneira indirecta) por un labor lexislativo concreto de man do Afonso X. As dúas camiñan xuntas desde 1255-1260, e é desde entón cando o proceso se volve máis dinámico, áxil e firme.

E isto acontece na documentación notarial e civil, mais as institucións compórtanse de maneira diversa. De feito, a institución real é a máis madrugadora en reparar na necesidade de versión romance dos textos: o rei Fernando III xa se refería no foral de Córdoba (1241) á necesidade de traducir ao romance o *Fuerum Iudicum*. Hai que agardar máis de medio século a

que unha institución eclesiástica de primeira orde, a catedral de Compostela, decida algo semellante: en 1309 o arcebispo Rodrigo de Padrón preside un sínodo do cal emana unha constitución, a número XLVII, pola cal se establece que todos os arcepresbiteros teñan unha copia en romance destas constitucións⁴¹. Pero isto refírese á documentación máis interna da institución, ás súas normas de funcionamento, e non á documentación de relación con outros sectores sociais, máis semellante á particular e dos mosteiros e na que xa había tempo que o latín lle cedera o paso ao romance.

6. CABO

Seguindo a liña de investigación dos últimos anos, puidemos comprobar neste traballo que tipoloxía e diplomática constitúen dous parámetros relevantes para o estudo da introdución do romance na prosa notarial galega. Procuramos traballar cun volume significativo de documentación romance e híbrida na que se experimentou a definitiva desvinculación do modelo tradicional latino a partir de 1255. A redacción de diplomas notariais integramente en romance, no entanto, remóntase aos inicios do segundo terzo do século XIII e durante as dúas décadas seguintes (1231-1254), da man de institucións eclesiásticas localizadas principalmente na diocese de Lugo-Mondoñedo (Ferreira de Pallares, Lourenzá, Lugo, Meira, Penamaior, Sámos), na de Ourense (Oseira) e na de Tui (Oia, Melón). Non obstante, a escasa presenza monolingüe nesta etapa (16 docs. ata 1254 fronte aos 227 do período 1255-1270) non estivo illada, e desde a segunda metade do séc. XII testemuñase unha práctica escrituraria innovadora f— óra do código onomástico e da sintaxe— coexistente coa tradicional latina e supeditada a variables de índole tipolóxica e diplomática.

Desde o punto de vista tipolóxico, verificamos a ligazón dos actos particulares (e, en menor medida, da documentación de carácter xudicial) coa primitiva produción en romance, especialmente nos tipos textuais relacionados coa xestión do patrimonio inmobiliario e do capital. Deles, o aforamento revélase como o modelo máis permeable á transmisión e propagación da *scripta* vernácula no corpo do documento, seguido da compravenda a doazón e a permuta. Tal e como se indicou, nestes tipos textuais a *dispositio* adoita desenvolverse con maior escrupulosidade, debido a que ás partes lles interesa precisar o mellor posible a delimitación espacial do(s) ben(s) obxec-

41. "Statuimus quod omnes archipresbiteri habeant copiam istarum constitutionum in romancio et publicent clericis in calendariis suis" (Monteagudo 1991: 13).

to de cesión/transacción. Canto máis no foro, onde o corpo do documento se amplía cunha matizada concreción da *sanctio* e da *corroboratio*, na que se puntualizan as condicións do canon ou renda establecidas para cada dominio útil.

Tendo en conta, por outra banda, a natureza xurídica do documento, só unha pequena parte do corpus ten carácter probatorio e/ou preparatorio (*imbreviato* vs. *ingrossatio*). A metade destes textos presentan confección híbrida, e observamos que o elemento vernáculo agroma de xeito máis disperso e difuso ca nos documentos dispositivos, onde se identifican con maior nitidez treitos compactos romanceados. Precisamente, no apartado § 4 determinamos os espazos diplomáticos onde se introduce con maior naturalidade o romance: dentro do corpo do documento, na parte dispositiva e na sanción/corroboración do *negotium* (especialmente nas cláusulas obrigatorias, prohibitivas e penais). Con moita menos frecuencia advertimos sinais de romanceamento no protocolo e escatocolo.

Un terceiro parámetro no que tamén traballamos pero que só foi anunciado na introdución deste traballo é o da actitude escrituraria dos notarios en canto á alternancia ou permanencia do código lingüístico empregado na *ingrossatio*. A limitación do espazo non nos permitiu expoñer aquí as nosas conclusións, mais polo de agora unicamente queremos adiantar que, a través da análise do volume textual producido nas coleccións documentais que posuímos e das mans implicadas nelas, foi posible a identificación de distintas circunstancias relacionadas co hábito escriturario. Puidemos verificar, por unha banda, que a inauguración da nova *scripta* nun determinado mosteiro puido estar motivada pola chegada de novos escribáns ~~p~~ rocedentes doutros mosteiros, concellos...— os cales introducen paulatina ou radicalmente os usos vernáculos no instrumento notarial. Por outra, se pensamos nos notarios que desde o principio produciron documentación en latín e máis adiante modificaron de xeito definitivo ~~œ~~ non— o seu código, xorde a seguinte cuestión: ¿talvez se deixarían influír pola redacción en romance dunha nova xeira de notarios, ou simplemente o cambio partiría deles mesmos, por esixencias internas do documento (v.gr. tipoloxía e diplomática) asumidas de maneira máis ou menos (in)consciente? A todas estas formulacións que agora só bosquexamos darémoslles cabida nun estudo á parte.